

**Acta núm. 10/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 07 de xuño de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
José Luis Sampedro Bouzas.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 07 de xuño de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2022, DO 24.05.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) RENUNCIA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2022, DO 24.05.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 24.05.2022, acta núm. 09/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AGUSTÍN MANUEL CARRACEDO SANTOS, na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo nunha vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 31 – Os Ánxeles, co fin de aproveitar a enerxía solar, e beneficiarse do aforro enerxético xerado para o autoconsumo eléctrico doméstico. As placas (11 módulos) instaláranse sobre a cuberta da vivenda.

A edificación emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 130,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 194,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EDUARDO BASANTE CALO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nun alpendre sito en Vioxo de Arriba 13 – Luaña, consistentes en substituír a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela (referencia catastral núm.19139103NH2413N0001DX) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola

edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO 1), sitúase dentro da aldea de Vioxo de Arriba, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como LE3, e segundo informe da arquitecta, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, en base a Instrución de 8 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,13 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,70 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M^a EUGENIA LIMERES OLMOS, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita no lugar de Tembrea 57 – Boullón, dunha lonxitude aproximada de 20 metros lineais, con bloques de formigón vistos en cor branco ata 1,20 metros de altura, tamén se poñerán dous portalóns, un para acceso de coches e outro de acceso peonil.

A parcela (referencia catastral núm.4045603NH2444N0001HT), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 4,00 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 121,87 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AGUSTÍN MIRAMONTES CURROS, na que comunica que vai construír un peche de dúas parcelas sitas no lugar de O Cabo – Os Anxeles, dunha lonxitude aproximada de 25 metros lineais, con tres fileiras de bloques, en contacto coa vía pública.

As parcelas (referencias catastrais núm. 7549108NH2474N0001FJ e 7549109NH2474N0001MJ), emprázanse parte sobre un ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2) e parte sobre un ámbito de solo clasificado urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 5,50 metros do eixe do vial.
- O bloque de formigón estará revestido e pintado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 27,78 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 92,35 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha

vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Gándara nº 23 (referencia catastral n.º 8133815NH2483S0001SS) - Bastavales, abrindo unha zanja de 29 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo en data 14.03.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia en data 06.04.2022 (expte. DH.W15.84420) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 319,85 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 63,97 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 128,54 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Vilas nº 34 (referencia catastral n.º 6622827NH2462S0001PP) - Bastavales, abrindo unha zanja de 139 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnico industrial Susana Casais Pérez, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña en data 18.05.2022.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.759,00 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 351,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 416,37 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Bastavaliños nº 40 (referencia catastral n.º 7520327NH2472S0001QF) - Bastavales, abrindo unha zanja de 37 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo en data 09.11.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia en data 22.11.2021 (expte. DH.W15.81448), da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio

Cultural de data 27.04.2022 (expte. 3225/21), e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 355,26 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,05 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 135,62 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Brans de Abaixo nº 34 (referencia catastral n.º 6470109NH2476S0001OD) - Brión, abrindo unha zanja de 19 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Alejandro Fernández Reza, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo en data 18.03.2022. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 227,78 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 45,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,13 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xabier Liñares Tuñez, que di actuar en representación de IRIA BERNAL LÓPEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Gándara 22 – San Salvador, segundo o proxecto de execución asinado polo estudio Salgado e Liñares arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.05.2022 (expte. núm. 2202919).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 8133814NH2483S0000WA) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e atópase dentro da zona de policía do rego de Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 20.09.2020, (expte. DH.W15.71104), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado por Salgado e Liñares arquitectos S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.05.2022 (expte. núm. 2202919).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (37,61m² a partir do documento administrativo debidamente dilixenciado ante este Concello con data 01/06/2022), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cms. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 37,61 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 01 de xuño de 2022.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.448,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.544,03 euros.

QUINTO.- RENUNCIA DE LICENZA OBRA MAIOR.

a) Deuse conta das instancias presentadas por IRIA BERNAL LÓPEZ e OSCAR PORRAL VICENTE, nas que expoñen que a Xunta de Goberno Local con data 27/10/2020, concedeulles licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar en Gándara 22, San Salvador,

segundo proxecto de execución redactado por Salgado e Liñares arquitectos S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09.07.2020 (n.r.e.: 2003192); e que a día de hoxe non van construír a vivenda proxectada, polo que renuncian á licenza concedida. Comprobase que non foi iniciada a construción.

Vistos os informes favorables da arquitecta e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia presentada polos interesados da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 27.10.2020 para a vivenda unifamiliar illada que se ía construír en Gándara 22 – San Salvador.

2º) Que se proceda á tramitación do expediente de devolución do ICIO, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo aos interesados.

SEXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSEFA ROSA TAJES RAMA e ALBERTO LAGO FERNÁNDEZ na que solicitan a modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 08.06.2021, para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 35, Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.03.2021 e documentación complementaria visada o 30.04.2021(Expte núm. 2101082); para a incorporación expresa da aceptación da cesión dos terreos situados fora das aliñacións segundo plano de emprazamento recollido no proxecto licenciado.

A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade nin a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Aceptar a cesión efectuada de 26,93 m², destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 31 de maio de 2022.

SÉTIMO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que día actuar en representación de JOSÉ RAMÓN GARCÍA LISBONA, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Adoufe 18 – Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 30.04.2019, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Adoufe 18, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.02.2019 e documentación complementaria visada o 08.04.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría con data 30.09.2021, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 125,46 euros.

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 190,03 euros.



OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González